

# CICLO DE LITERATURA INFANTIL E XUVENIL 2023

"A dramatización na formación da identidade lectora"

FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL (OURENSE)

UNIVERSIDADE DE VIGO

*Ciclo de*  
**LITERATURA**  
*infantil e xuvenil*

*A dramatización  
na formación da  
identidade lectora*

25 e 31 de outubro e  
8 e 15 de novembro de 2023  
18.00 h  
Sala Emilia Pardo Bazán  
Facultade de Educación  
e Traballo Social  
Campus de Ourense

Inscrições

Deseño: Área de Imaxe. Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Universida de Vigo

Vicerreitoría do Campus  
de Ourense-Campus Auga

Facultade de Educación  
e Traballo Social



O Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil que se vén celebrando na Facultade de Educación e Traballo Social dende 2015 contou coa participación de dúas escritoras e dous escritores do ámbito da literatura para os máis novos nesta súa edición de 2023. Levouse a cabo de forma presencial na Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán os días 25 e 31 de outubro e 8 e 15 de novembro de 2023, en horario de 18 a 20 horas.

Os datos más salientables da actividade son os que seguen:

**COORDINACIÓN:** Isabel Mociño González

**ORGANIZACIÓN:** Isabel Mociño González, Carla Míguez Álvarez, Verónica Pousada Pardo e Eulalia Agrelo Costas.

**LUGAR DE CELEBRACIÓN:** Sala Multiusos Emilia Pardo Bazán, Edificio Facultades.

**DESTINATARIOS/AS:** alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social, alumnado do Campus Universitario de Ourense, mestres/as en activo, docentes de centros educativos e público en xeral.

**PARTICIPANTES:** 39 inscricións, das que asistiron ao 80% das sesións 21 persoas, as cales teñen dereito a un certificado co recoñecemento de 15 horas de créditos ECTS.

**ENTIDADES COLABORADORAS:** Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Vicerreitoría do Campus de Ourense-Campus da Auga, Facultade de Educación e Traballo Social.

## PROGRAMA:



### *Ciclo de literatura infantil e xuvenil 2023*

### *A dramatización na formación da identidade lectora*

18.00 h

Sala Emilia Pardo Bazán  
Facultade de Educación  
e Traballo Social  
Campus de Ourense

#### *Inscripción*

De balde

Recoñecemento de 15 horas de créditos  
de libre elección (en proceso)



---

#### *25 de outubro*

Inauguración

Raquel Castro

*Aprender sentido, o teatro máis ca un xogo nas aulas*

---

#### *31 de outubro*

Paula Carballeira

*Breves instrucións para ler teatro*

---

#### *8 de novembro*

Antón Cortizas

*E se a escola fose un teatro? A tradición oral como  
recurso educativo*

---

#### *15 de novembro*

Carlos Labraña

*Non dramatices!!! Censura e autocensura no teatro infantil*

## **OBXECTIVOS ACADADOS:**

- Desenvolvemento de coloquios con creadoras/es que destacan pola súa producción infantil de obras dramáticas cuxas temáticas se centran na sociedade actual.
- Divulgación de experiencias e producións dramáticas, achegadas de primeira man por axentes implicados no proceso creativo.
- Reforzamento das carencias dos currículos académicos en materias específicas para o traballo coa literatura infantil na etapa da Educación Infantil e Primaria e coa mediación en xeral.
- Visualización da producción e potencialidades da literatura infantil, con especial relevancia da literatura dramática, e da importancia de adoptar criterios de selección coherentes e de calidade para a formación e información da infancia e xuventude, ademais de promover a propia reflexión sobre as implicacións da mediación lectora.
- Posta en valor do papel dos docentes e da escola como dinamizadores, programadores e normalizadores culturais, así como axentes de formación do sentido crítico e reflexivo das persoas.

## **SESIÓNS E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA**

O programa do ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil “A dramatización na formación da identidade lectora” desenvolveuse sen incidentes. As catro conferencias/coloquios, cunha frecuencia semanal ao longo do mes de outubro e novembro de 2023, contribuíron a unha participación activa das persoas matriculadas, ás que se animou a interaccionar, actuar e reflexionar da man das creadoras e creadores. O enfoque foi activo e promoveu a posta en común sobre a temática e os recursos empregados polos conferenciantes.

Estas sesións complementáronse cunha modalidade non presencial de 5 horas de duración na que as persoas participantes fixeron lecturas das obras das creadoras e creadores participantes, nas que abordan as potencialidades da dramatización para o ensino nos diferentes niveis educativos, en función dos intereses e marco de traballo das persoas matriculadas.

O ciclo foi recoñecido como 15 horas lectivas, equiparables por 0,5 créditos de libre elección para o alumnado matriculado na Facultade de Educación e Traballo Social.

## INTERESES, PERFILES E APROVEITAMENTO DO CICLO

As persoas que participaron como asistentes ao Ciclo de literatura infantil son fundamentalmente alumnado da Facultade de Educación e Traballo Social, aínda que tamén persoas alleas á Universidade. Nesta edición a procedencia deste alumnado foi na súa maioría de Educación Primaria (50%), de Educación Infantil (40%), Educación Social (10%) e outras titulacións.

Elaborada unha enquisa de satisfacción, a maior parte valora que a súa participación no Ciclo contribuíu a mellorar o coñecemento das creadoras e creadores participantes.


---

11. En que medida consideras que a participación no Ciclo de Literatura contribuíu a mellorar o teu coñecemento das creadoras e creadores de teatro infantil? (Sendo 1 moi pouco e 5 moito) (0 punto)

[Más detalles](#)

 Información

 1	0
 2	0
 3	4
 4	4
 5	12



---

Do mesmo xeito, a maioría tamén afirma que a asistencia ás sesións contribuíu a que lle gustara máis o teatro:

7. A participación no Ciclo de Literatura contribuí a que che guste más o teatro (0 punto)

[Más detalles](#)


Información

Si

17

Non

3



E a totalidade das persoas participantes afirman que si empregarían o teatro para os contextos escolares:

12. Traballarías o teatro nunha aula de educación infantil e/ou primaria? (0 punto)

[Más detalles](#)


Información

Si

20

Non

0



Por último, todas as persoas participantes afirman que o Ciclo promoveu o seu interese pola lectura de obras de teatro:

15. A participación no Ciclo de Literatura promoveu o teu interese pola lectura de obras de teatro infantís? (0 punto)


[Más detalles](#)

Si

20

Non

0



A seguir recóllese os enlaces a algunhas das novas de difusión sobre a actividade que saíron nos medios de prensa:

## **DUVI**

(18/10/2023):

<https://www.uvigo.gal/universidade/comunicacion/duvi/ciclo-literatura-infantil-xuvenil-afondara-potencialidades-teatro>

(25/10/2023):

<https://www.uvigo.gal/es/universidad/comunicacion/agenda/inauguracion-ciclo-literatura-infantil-xuvenil-2023>

## **La Región**

(25/10/2023): <https://www.laregion.es/articulo/ourense/agenda-que-hacer-ourense-hoy-miercoles-25-octubre/202310250524251251357.html>

## **AELG**

(25/10/2023):

<https://www.aelg.gal/actividades/ciclo-de-literatura-infantil-e-xuvenil/2023/10/25/ciclo-de-literatura-infantil-e-xuvenil-a-dramatizacion-na-formacion-da-identidade-lectora>

<https://axendacultural.aelg.gal/2023/10/24/ourense-ciclo-de-literatura-infantil-e-xuvenil-2023-a-dramatizacion-na-formacion-da-identidade-lectora-con-raquel-castro-o-25-de-outubro/>

## **LA VOZ DE GALICIA**

(20/10/2023):

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2023/10/19/teatro-protagoniza-ciclo-literatura-infantil-juvenil-campus-ourense/00031697716165406155430.htm>

25/10/2023:

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2023/10/23/raquel-castro-escritora-falta-saber-teatro-tamen-eler/00031698079790535252531.htm>

(30/10/2023):

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2023/10/19/teatro-protagoniza-ciclo-literatura-infantil-juvenil-campus-ourense/00031697716165406155430.htm>

(31/10/2023):

<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/ourense/ourense/2023/10/30/span-langlpaula-carballeira-non-e-san-limitar-libro-ao-pedagoxicospan/00031698669486530250537.htm>

## Nós

(20/10/2023): <https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/ourense-acolle-ix-ciclo-literatura-infantil-xuvenil/20231020195755180331.html>

## Faro de Vigo:

(19/10/2023). <https://www.farodevigo.es/ourense/2023/10/19/teatro-centra-novena-edicion-ciclo-93512894.html>

En Ourense, a 18 de decembro de 2023

## ALGÚNS REXISTROS FOTOGRÁFICOS DA ACCIÓN

### Sesión 1. Raquel Castro



### Sesión 2. Paula Carballeira



### Sesión 3. Antón Cortizas



## Sesión 4. Carlos Labraña

